

ADMINISTRACIÓN LOCAL
MUNICIPAL
VIGO**Outros documentos, notificacións e informacións públicas**

DOCUMENTO DE REVISIÓN DO PLAN DE ACCIÓN CONTRA O RUÍDO DO CONCELLO DE VIGO, ANO 2024, FASE 4ª EXPTE. 18955/306

ANUNCIO

INFORMACIÓN PÚBLICA DO DOCUMENTO DE REVISIÓN DO PLAN DE ACCIÓN CONTRA O RUÍDO DO CONCELLO DE VIGO, ANO 2024, FASE 4ª, APROBADO INICIALMENTE POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA DATA 07/10/2025. EXPTE. 18955/306.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 7 de outubro de 2025, adoptou o seguinte

ACORDO

Primeiro.— Aprobar inicialmente o Documento de Revisión do Plan de Acción contra o Ruído do Concello de Vigo, ano 2024, fase 4ª, redactado pola entidade Sonen, Centro de Acústica e Servizos de Telecomunicacións, S.L. con CIF B32374431, coa supervisión e control da Universidade de Vigo, CIF Q8650002B, Escola de Enxeñería de Telecomunicacións "Sonitum", asinado dixitalmente o 25/09/2025, por encargo da Concellería de Medio Ambiente do Concello de Vigo, a teor do mandato contido na Directiva 2002/49/CE, do 25 de xuño de 2002 e na Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído (expte. 18955/306).

Segundo.— Someter o Documento de Revisión do Plan de Acción contra o Ruído do Concello de Vigo, ano 2024, fase 4ª, ó trámite de información pública polo prazo de un mes, contado desde a publicación do correspondente anuncio no BOP de Pontevedra, a fin de que as persoas que o desexen poidan formular as correspondentes alegacións, observacións e suxestións.

Terceiro.— O Documento de Revisión do Plan de Acción contra o Ruído do Concello de Vigo, ano 2024, fase 4ª, en formato dixital estará a disposición do público en xeral na páxina web do Concello de Vigo, no seguinte enderezo da internet: <http://www.vigo.org> (Servizos Cidade, Medio Ambiente, Situación Medioambiental) e no Portal de Transparencia. Tamén, poderá consultarse nun sistema do servizo municipal de Medio Ambiente, planta segunda da casa do concello.

Cuarto.— Comunicar este acordo aos Servizos Municipais interesados, Área de Seguridade, Área de Fomento, Xerencia de Urbanismo.

